

Vistos a Lei 1/1990, do 3 de outubro (BOE do 4 de outubro), de ordenación xeral do sistema educativo; a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación (BOE do 24 de decembro); o Real decreto 1537/2003, do 5 de decembro (BOE do 10 de decembro), polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral; o Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22 de maio), sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias e a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro) que o desenvolve.

Considerando que o devandito centro privado ten autorización definitiva para impartir educación infantil.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa

#### DISPÓN:

Autorizar a ampliación dunha unidade de educación infantil ao centro privado María Inmaculada de Verín (Ourense), segundo os datos que se relacionan no anexo desta orde, facendo constar que, para a súa posta en funcionamento, a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que imparta docencia na unidade que se amplía.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

#### ANEXO

Provincia: Ourense.

Concello: Verín.

Localidade: Verín.

Enderezo: avenida Portugal, 86.

Denominación: centro privado María Inmaculada.

Titular: Religiosas del Amor de Dios.

Código do centro: 32013557.

Nivel: educación infantil.

Unidades de que constaba: 5.

Unidades novas autorizadas: 1.

Composición resultante:

a) Centro de educación infantil: 6 unidades.

b) Centro de educación primaria: 12 unidades.  
c) Centro de educación secundaria: 8 unidades de educación secundaria obrigatoria.

*Orde do 21 de febreiro de 2005 pola que se convocan axudas económicas para a realización de actividades de formación dirixidas ao profesorado de niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2005 e organizadas polos movementos de renovación pedagóxica ou asociacións e fundacións con fins pedagóxicos, legalmente constituídos.*

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 31, a súa competencia plena para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias e sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolvan.

A Lei orgánica 1/1990, de ordenación xeral do sistema educativo, dispón que as administracións educativas planificarán as actividades necesarias de formación permanente do profesorado e garantirán unha oferta diversificada e gratuíta destas actividades (artigo 56.3º).

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, consciente da importancia que ten a formación permanente do profesorado de cara á mellora da calidade do ensino e á potenciación no uso do galego e a renovación da metodoloxía e das técnicas didácticas que se aplican nos centros docentes, e consciente da repercusión e incidencia real que teñen os movementos de renovación pedagóxica, as asociacións e fundacións pedagóxicas e as organizacións sindicais do ámbito educativo, en canto a que contribúen ao desenvolvemento deste proceso e potencian a realización de actividades de perfeccionamento, pretende facilitar o logro destes obxectivos a través da concesión de axudas económicas.

Na súa virtude, esta consellería

#### DISPÓN:

1. Convócanse axudas económicas para a organización durante o ano 2005 de actividades de formación do profesorado dirixidas a profesores que imparten a súa docencia en niveis non universitarios, que estean homologadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que dinamicen o ensino en galego.

2. O importe máximo total das axudas que se concedan é de 90.152 euros, con cargo ao concepto orzamentario 07.04.322I.480.0. A cantidade máxima que se concederá por movemento de renovación pedagóxica ou asociación non será superior a 9.100 euros.

3. Poderán ser beneficiarios destas axudas as organizacións sindicais do ámbito educativo, os movementos de renovación pedagóxica e as asociacións e fundacións pedagóxicas legalmente constituídas e recoñecidas cando nos seus estatutos figure como fin preferente a formación do profesorado e desenvolvan as súas actividades na Comunidade Autónoma de Galicia, e sempre que teñan xustificadas as axudas concedidas en anteriores convocatorias.

4. Os movementos de renovación e as asociacións e fundacións pedagóxicas interesadas deberán dirixir as súas solicitudes, segundo o modelo que figura no anexo I, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, S. Caetano s/n, 15781, Santiago de Compostela.

As solicitudes deberán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas súas delegacións provinciais ou nos lugares que determina o artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xunto coa seguinte documentación:

A. Programa das actividades desenvolvidas ou que van desenvolver, conforme o modelo que figura no anexo II.

B. Orzamento, segundo o modelo do anexo IV, tendo en conta os módulos económicos e os conceptos que figuran no anexo III.

C. Copia compulsada dos documentos que acreditan a súa constitución legal.

D. Copia compulsada dos estatutos da entidade.

E. Copia do CIF.

F. Documentación acreditativa da representación que exerce o solicitante.

G. Certificación bancaria da conta corrente.

H. Declaración xurada asinada polo representante legal do movemento de renovación pedagóxica, da asociación ou da fundación indicando se recibe outras axudas para o desenvolvemento da actividade. En caso afirmativo, especificar a contía e a entidade que a concede.

A documentación das letras C, D, E, F e G non terá que ser achegada polos movementos de renovación pedagóxica nin polas asociacións e fundacións pedagóxicas que xa recibisen axudas económicas en anos anteriores, sempre e cando non tivesen variación nos seus datos.

De acordo co establecido no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para aquelas solicitudes que non acheguen os documentos anteriormente sinalados, requirirase o interesado para que nun prazo de dez días emende as faltas ou remita

os documentos preceptivos; de non facelo considerárase que desistiu da súa petición e arquivárase o expediente.

5. O prazo para a presentación de solicitudes será de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

6. As actividades (deseño, convocatoria, publicidade, desenvolvemento, certificacións, etc.) faranse en galego e de acordo co Decreto 173/1982, sobre normativización da lingua galega, e coa disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística, e irán dirixidas ao profesorado da comunidade autónoma.

7. Financiaranse prioritariamente aquelas actividades que fomenten o ensino en galego e que coincidan basicamente cos obxectivos xerais da política educativa establecidos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, especialmente os definidos nos plans de formación e que versen sobre os seguintes temas considerados como prioritarios:

a) Deseño e desenvolvemento curricular.

b) Contidos transversais do currículo.

c) Atención á diversidade.

d) Educación de adultos.

e) Modalidades, técnicas e instrumentos de avaliación.

f) Xestión e organización de centros educativos.

g) Orientación e tutoría.

8. A contía das axudas establecerase en función do número de solicitudes, da adecuación dos proxectos ao establecido no artigo 7º desta convocatoria e da dispoñibilidade orzamentaria, tendo en conta ademais que, sumadas a outros recursos que se obtéñan, non excedan dos gastos orzados para as actividades programadas, e a súa distribución farase en función dunha programación anual de actividades, tendo en conta criterios como: calidade, número de horas reais de docencia e número de asistentes.

9. Comisión de selección. Constituirase unha comisión de selección integrada por:

Presidenta: a directora xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, ou persoa en quen delegue.

Vogais:

-O xefe do Servizo de Formación do Profesorado.

-O xefe do Servizo de Plans e Programas do Ensino da Lingua Galega da Dirección Xeral de Política Lingüística.

-Un funcionario do Servizo de Formación do Profesorado.

-Un funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario, con voz e sen voto.

-Por cada un dos sindicatos da Mesa Sectorial Docente poderá asistir un representante ás sesións da comisión con voz e sen voto. O nome do representante sindical seralle comunicado á presidenta da comisión de selección coa debida antelación.

10. Resolución da convocatoria. Unha vez rematado o proceso de selección, formularáselle a proposta de concesión de axudas ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, determinando en cada caso a súa contía. A orde de concesión de axudas será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

No suposto de non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de seis meses desde a súa publicación, e sen prexuízo da súa posterior resolución, as solicitudes entenderanse desestimadas.

11. O pagamento das axudas económicas concedidas farase nun só libramento, unha vez feita a debida xustificación de gastos. A xustificación farase nos seguintes prazos: ata o 30 de outubro de 2005 para as actividades realizadas ata o 30 de setembro e ata o 25 de novembro de 2005 para as actividades que se realicen en outubro e novembro do mesmo ano. A devandita xustificación farase unicamente polos conceptos e módulos que figuran no anexo III e de acordo coas instrucións que figuran no anexo V.

As actividades, das que se xustifica o gasto, deben contar con homologación definitiva antes do 10 de decembro de 2005.

Cando a xustificación de gastos non se axuste aos anexos III e V, por presentar facturas ou recibíns incompletos ou incorrectos, pagarase unicamente a cantidade da axuda concedida correctamente xustificada.

Para poder percibir a axuda concedida, o número de asistentes con dereito a certificado non deberá ser inferior ao 50% das prazas ofertadas e en ningún caso este número poderá ser menor de 10.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá completar estas instrucións poñendo en coñecemento dos interesados cando se lles comunique a contía da axuda concedida.

12. O importe da axuda, tendo en conta os recursos que xere a actividade e outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, poderá reducirse no suposto de que, á hora de presentar a xustificación da axuda, houbese unha diminución dos gastos orzados que supoña que a axuda supera a diferenza entre os ingresos e os gastos reais.

13. Obrigas dos beneficiarios. Son obrigas dos beneficiarios das axudas as establecidas no artigo 78.4º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, segundo a modificación operada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

14. O beneficiario deberá reintegrar total ou parcialmente a axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión. Igualmente serán causas de reintegro as establecidas no artigo 78.10º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, segundo a redacción operada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 78.9º do mencionado Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

15. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá levar a cabo as inspeccións oportunas orientadas a comprobar a veracidade dos datos facilitados, así como a utilización dos fondos concedidos.

16. O beneficiario terá a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

#### *Derradeiras disposicións*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar as instrucións necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2005.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

## ANEXO I



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

PROCEDEMENTO <i>AXUDAS PARA ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS ORGANIZADAS POLOS MOVEMENTOS DE RENOVACIÓN PEDAGÓXICA, POLAS ASOCIACIÓNS E FUNDACIÓNS CON FINS PEDAGÓXICOS</i>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED304A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## DATOS DO SOLICITANTE

EMPRESA / ENTIDADE		CIF
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

## E, na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI
----------	------	-----

## DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DIXITO DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	

## DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- PROGRAMA DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN QUE SE VAN DESENVOLVER.
- ORZAMENTO DE CADA ACTIVIDADE POR SEPARADO.
- DOCUMENTOS QUE ACREDITEN A SÚA CONSTITUCIÓN LEGAL.
- ESTATUTOS DO MRP, ASOCIACIÓN OU FUNDACIÓN.
- FOTOCOPIA DO CIF.
- ACREDITACIÓN DA REPRESENTACIÓN QUE TEN O SOLICITANTE.
- CERTIFICACIÓN BANCARIA DA CONTA CORRENTE CITADA.
- DECLARACIÓN XURADA DOUTRAS AXUDAS RECIBIDAS.

*Sinalar cun X*

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 21 de febreiro de 2005 pola que se convocan axudas económicas para a realización de actividades de formación dirixidas ao profesorado de niveis non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2005 e organizadas polos movementos de renovación pedagóxica ou asociacións e fundacións con fins pedagóxicos, legalmente constituídos.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA  _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NUMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Directora xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

ANEXO II

O PROXECTO debe conter os seguintes datos:

TÍTULO DA ACTIVIDADE:	ENTIDADE ORGANIZADORA:
LUGAR DE CELEBRACIÓN:	DATAS DE REALIZACIÓN:
Nº DE HORAS DA ACTIVIDADE:	Nº DE PARTICIPANTES:
OBJECTIVOS:	
PROGRAMA DE CONTIDOS E ACTIVIDADES:	
NIVEIS OU MODALIDADES DE ENSINO QUE IMPARTEN OS PROFESORES ASISTENTES:	ÁMBITO DE ACTUACIÓN: <input type="checkbox"/> LOCAL <input type="checkbox"/> PROVINCIAL <input type="checkbox"/> NACIONAL <input type="checkbox"/> COMARCAL <input type="checkbox"/> AUTONÓMICA <input type="checkbox"/> INTERNACIONAL
..... de ..... de 2005	
O/A representante legal,	
Selo.	

ANEXO III

GASTOS QUE SE PODEN XUSTIFICAR:

CONCEPTOS	CONTÍA MÁXIMA	DOCUMENTO XUSTIFICATIVO
1. Gastos de ensino. Cursos, xornadas, simposios, escolas de verán, encontros. 1.1. Coordinación..... 1.2. Horas de docencia ..... 1.3. Conferencias.....	- 12 euros/hora - 60 euros/hora - 300 euros/hora	- Recibins de relatores e coordinador.
2. Gastos de persoal subalterno. 2.1. Persoal subalterno .....	- 150 euros	- Recibin do persoal subalterno
3. Gastos de material. 3.1. Material funxible 3.2. Publicacións e impresos 3.3. Material de paso audiovisual 3.4. Libros e material didáctico	- Poderase xustificar en material, como máximo, o 25% dos gastos de ensino	- Facturas da empresa subministradora.
4. Outros gastos de relatores e coordinador. 4.1. Desprazamentos ..... 4.2. Manutención ..... 4.3. Aloxamento .....	- 0'168283 euros/quilómetro - 18'33 euros por comida - 58'89 euros/día	- Recibins de relatores e coordinador ou facturas da empresa subministradora
5. Outros Gastos ( Aluguer de local, comunicacións, etc) .....	- Ata o 10% do total da axuda concedida para cada actividade	

ANEXO IV

MODELO DE ORZAMENTO

<p><b>I.- Ingresos</b> (non debe reflectirse como ingreso a axuda solicitada nesta convocatoria).</p> <p>1.1 Cotas de inscrición..... euros</p> <p>1.2 Subvencións (segundo a declaración xurada):</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunidade Autónoma..... euros</li> <li>- Deputación de..... euros</li> <li>- Concello de..... euros</li> <li>- Outros..... euros</li> </ul> <p style="text-align: right;">Total ingresos (1.1 + 1.2): _____ euros</p>	
<p><b>II.- Gastos</b></p> <p>2.1 - Gastos de ensino:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>2.1.1. Coordinación ..... euros</li> <li>2.1.2. Horas de docencia ..... euros</li> <li>2.1.3. Conferencias ..... euros</li> </ul> <p style="text-align: right;">Total 2.1 _____ euros</p> <p>2.2 - Gastos de persoal subalterno: Total 2.2 _____ euros</p> <p>2.3 - Gastos de material:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>2.3.1. Material fungible..... euros</li> <li>2.3.2. Publicacións e impresos..... euros</li> <li>2.3.3. Material de paso audiovisual..... euros</li> <li>2.3.4. Libros e material didáctico..... euros</li> </ul> <p style="text-align: right;">Total 2.3 _____ euros</p> <p>2.4 - Outros gastos de relatores e coordinador.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>2.4.1. Desprazamentos ..... euros</li> <li>2.4.2. Manutención ..... euros</li> <li>2.4.3. Aloxamento ..... euros</li> </ul> <p style="text-align: right;">Total 2.4 _____ euros</p> <p>2.5 - Outros gastos (aluguer de locais, comunicacións, etc.) ..... euros</p> <p style="text-align: right;">Total 2.5 _____ euros</p> <p style="text-align: right;">Total gastos (2.1 + 2.2 + 2.3 + 2.4 + 2.5): _____ euros</p>	
<p><b>III.- Axuda que se solicita:</b> _____ euros</p>	

ANEXO V

XUSTIFICACIÓN DE GASTOS:

- Os gastos da actividade xustificanse con:
  - 1. Recibins, facturas e folia resumo que se presentarán por triplicado. (originals ou copias compulsadas).
  - 2. A folia resumo (ver anexo VI) debe conter os seguintes puntos:
    - a).- Ingresos totais .....
    - b).- Especificación do gasto:
      - Ensino (ver anexo VII e anexo VIII) .....
      - Persoal subalterno .....
      - Material .....
      - Outros gastos de relatores e coordinador (ver anexo IX).....
      - Outros gastos .....
    - c).- Gastos totais .....
- Cada actividade debe xustificarse por separado.
- Declaración xurada asinada polo representante legal do movemento de renovación pedagóxica, da asociación ou da fundación indicando se recibe outras axudas para o desenvolvemento da actividade. En caso afirmativo, especificar a contía e a entidade que a concede.
- Os recibins dos relatores ou coordinador/a deben especificar a retención do 15% de IRPF, nº de horas, concepto (docencia, conferencia ou coordinación). Así mesmo, deben declarar que non exceden os límites establecidos no artigo 3º do Decreto 202/2002, do 6 de xuño (DOG do 17 de xuño).
- Todas as facturas deben vir, debidamente cubertas, sen emendas, a nome da asociación e indicando tamén nome da actividade que xera o gasto. Deben corresponder ao período que se xustifica e especificar CIF ou NIF e IVe.
- As facturas ou recibins de desprazamentos, aloxamento ou manutención, dos relatores ou coordinador, deben incluír: nº de quilómetros, nº de comidas ou nº de días de utilización dun cuarto, segundo o caso.
- As facturas de material teñen que especificar: concepto, nº de unidades, custo por unidade e importe total.

ANEXO VI  
FOLLA RESUMO DE INGRESOS E GASTOS  
(para cada actividade)

ENTIDADE SOLICITANTE: \_\_\_\_\_  
ACTIVIDADE QUE SE XUSTIFICA: \_\_\_\_\_  
LUGAR DE CELEBRACIÓN: \_\_\_\_\_  
DATA DE CELEBRACIÓN: \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ €

a) Ingresos totais:

(Debe incluírse aquí a axuda concedida nesta convocatoria)

b) Especificación do gasto:

- De ensino .....
- De persoal subalterno .....
- De material.....
- Outros gastos de relatores e coordinador .....
- Outros gastos .....

c) Total de gastos:

\_\_\_\_\_ €

AXUDA CONCEDIDA QUE SE XUSTIFICA: \_\_\_\_\_ €

ANEXO VII  
GASTOS DE ENSINO  
(modelo de recibín funcionario/a)

Don/a \_\_\_\_\_, NIF \_\_\_\_\_,  
con domicilio na rúa \_\_\_\_\_, número \_\_\_\_\_,  
código postal \_\_\_\_\_, localidade \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_

RECIBÍN de \_\_\_\_\_  
(Nome do MRP ou Asociación)

a cantidade de (en letra) \_\_\_\_\_ euros  
en concepto de (1) \_\_\_\_\_  
na actividade: \_\_\_\_\_

Nº horas    € /h (2)    IMPORTE TOTAL - IRPF (15%) = Líquido a percibir

Así mesmo, declaro non exceder os límites establecidos no artigo 3º do Decreto 202, do 6 de xuño de 2002 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 17 de xuño).  
\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2005  
( Sinatura )

(1) Docencia - conferencia - coordinación - persoal subalterno.

(2) Para o cálculo da docencia empregáranse os módulos económicos establecidos na orde da convocatoria.

ANEXO IX

AXUDAS DE CUSTO E QUILOMETRAXE  
(modelo de recibin)

Don/a \_\_\_\_\_, con domicilio na rúa \_\_\_\_\_,  
 número \_\_\_\_\_, código postal \_\_\_\_\_, localidade \_\_\_\_\_,  
 provincia \_\_\_\_\_,  
 RECIBÍN de \_\_\_\_\_ (Nome do MRP ou asociación)  
 pola miña participación na actividade: \_\_\_\_\_ (Nome da actividade)  
 en concepto de: \_\_\_\_\_

AXUDAS DE CUSTO: N° de comidas \_\_\_\_\_ Prezo/comida \_\_\_\_\_ A percibir \_\_\_\_\_  
 X \_\_\_\_\_ = \_\_\_\_\_

HOTEL: N° de días \_\_\_\_\_ Prezo/día \_\_\_\_\_ A percibir \_\_\_\_\_  
 X \_\_\_\_\_ = \_\_\_\_\_

QUILOMETRAXE: N° de quilómetros \_\_\_\_\_ Prezo/quilómetro \_\_\_\_\_ A percibir \_\_\_\_\_  
 X \_\_\_\_\_ = \_\_\_\_\_  
 0,168283

Total a percibir: \_\_\_\_\_ = \_\_\_\_\_ €  
 (Cantidade en letra)

\_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2005  
 (Sinatura)

NOTA: Para o cálculo de axudas de custo e quilometraxe empregaranse os módulos establecidos na orde da convocatoria.

ANEXO VIII  
 GASTOS DE ENSINO  
 (modelo de recibin de non funcionario/a)

Don/a \_\_\_\_\_, NIF \_\_\_\_\_,  
 con domicilio na rúa \_\_\_\_\_, número \_\_\_\_\_,  
 código postal \_\_\_\_\_, localidade \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_,  
 RECIBÍN de \_\_\_\_\_ (Nome do MRP ou asociación)  
 a cantidade de (en letra) \_\_\_\_\_ euros  
 en concepto de (¹) \_\_\_\_\_  
 na actividade: \_\_\_\_\_

Nº horas \_\_\_\_\_ IMPORTE TOTAL - IRPF (15%) = Líquido a percibir \_\_\_\_\_

Así mesmo, declaro que non son funcionario e polo tanto non é de aplicación o establecido no artigo 3º do Decreto 202, do 6 de xuño de 2002, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 17 de xuño).

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2005  
 (Sinatura)

(¹) Docencia - conferencia - coordinación - persoal subalterno.  
 (²) Para o cálculo da docencia empregaranse os módulos económicos establecidos na orde da convocatoria.



*Orde do 28 de febreiro de 2005 pola que se convocan axudas de apoio á actualización do profesorado universitario.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro (BOE do 19 xaneiro de 1988, DOG do 17 de febreiro), transferiulle á Comunidade Autónoma de Galicia competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola Comunidade Autónoma e asignadas á Consellería de Educación polo Decreto 62/1988, do 17 de marzo (DOG do 8 de abril).

A Lei 11/1989, do 20 de xullo (DOG do 16 de agosto), de ordenación do sistema universitario de Galicia, determina a constitución do Sistema Universitario de Galicia con tres universidades: a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo.

O artigo 2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE do 24 de decembro), establece que a selección, formación e promoción do persoal docente e investigador de cada universidade é competencia da universidade, dentro da súa autonomía. Deste xeito, pónense en marcha accións que favorezan a calidade da docencia das ensinanzas autorizadas e efectivamente xa implantadas a través do contacto con profesores doutras universidades.

Froito da experiencia de anos anteriores, das suxestións feitas polas propias universidades e da comisión nomeada para o efecto, procédese a convocar axudas orientadas á actualización do profesorado universitario. Neste tipo de accións son as universidades as que garanten a actualización, reciclaxe e promoción do seu profesorado, así como a liña na que queren favorecer a súa formación.

Trátase de executar accións que cumbran os marcos legais establecidos polo noso ordenamento e que contribúan a mellorar a calidade do Sistema Universitario de Galicia, apoiando a actualización e reciclaxe do profesorado universitario da comunidade autónoma.

Polo que antecede, esta consellería

*DISPÓN:*

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócanse estas axudas para contribuír á actualización do profesorado das universidades galegas, mediante o financiamento de estadias en centros e universidades situados fóra do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Orzamento.

Para a concesión destas axudas destinarase a cantidade total de 18.311 euros, con cargo á partida orzamentaria 07.05.322C.480.3, de acordo co disposto na Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

As cantidades antes citadas poderán incrementarse de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 3º.-Beneficiarios e incompatibilidades.

Estas axudas poderán ser solicitadas por todos os profesores que pertencen a algunha das tres universidades da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que estean impartindo clases teóricas, teñan dedicación a tempo completo e posúan unha antigüidade mínima de 3 anos na docencia.

Estas axudas son incompatibles co aproveitamento doutro tipo de bolsas ou axudas para o mesmo fin e polo mesmo período de tempo. Non poderán beneficiarse destas axudas aqueles solicitantes que, nos últimos cinco anos, desfrutaron dalgunha axuda de similares características convocadas por esta consellería.

Artigo 4º.-Duración e período de aproveitamento.

A duración das estadias deberá ser, como mínimo, de 1 mes e como máximo de 2 meses e deberán ser realizadas durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2005.

Artigo 5º.-Contía das bolsas.

O importe máximo de cada bolsa non poderá superar os 2.000 euros mensuais segundo a duración e lugar no que se vai realizar a estadia e a antigüidade como docente. No caso de que a estadia sexa superior a un mes e inferior a dous meses, considéranse os meses de 30 días, e a cantidade correspondente por día sería 1/30 da contía mensual.

Artigo 6º.-Solicitudes e prazo de presentación.

a) As solicitudes, segundo o modelo ED413A que se publica como anexo a esta orde, presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Se no uso deste dereito a solicitude é remitida por correo presentarase en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de que proceda á súa certificación.

b) O prazo de presentación de solicitudes será de corenta días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 7º.-Documentación.

As solicitudes, segundo o modelo ED413A, deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

-Copia do DNI.